

## CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DO ALOXAMENTO TRANSITORIO DE DÚAS VIVENDAS MUNICIPAIS EN NAVIA RESERVADAS A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA (PMR).

### QUEN pode Solicitalas:

- As persoas/titulares dunha ud. convivencial nas que algún membro teña recoñecida a condición de **PMR**, que fosen recentemente **desaloxados** da súa vivenda habitual ou vaian a selo por mor da imposibilidade de afrontar o pagamento das cotas do préstamo hipotecario, a renda de aluguer ou cantidades asimiladas e que cumpran os seguintes requisitos:

### CONDICIÓNS e REQUISITOS :

- Que a vivenda obxecto do desaloxo estea situada en Vigo.
- Que o lanzamento de ser o caso se efectuase con posterioridade ao 01 de xaneiro de 2013.
- Que ningún membro da ud. convivencial dispoña dunha vivenda habitable, ou dun dereito de uso sobre a mesma.
- A totalidade dos membros da ud. convivencial atoparanse empadroados en Vigo cunha antigüidade superior a 1 ano.
- Que os ingresos ponderados da ud. convivencial sexán iguais ou inferiores a **1,5 veces** o IPREM<sup>1</sup>, e o patrimonio inmobiliario con valor catastral < a 30.000 € (*excluída a vivenda embargada*).

### VIVENDAS obxecto do préstamo de uso:

- Tratase das vivendas municipais adaptadas a PMR. 4Bº e 6ºB rúa Teixugueiras, 17 Portal 1, Vigo.

### DURACIÓN do préstamo de uso:

- O préstamo de uso terá unha duración máxima de 24 meses, salvo prorroga de 6 meses que con carácter excepcional contempla o programa.

### OBRIGAS dos adxudicatarios:

- A entrega á Xerencia Municipal de Urbanismo co tratamento de depósito sen xuros de 50 € mensuais en concepto de garantía .
- Satisfacer os gastos ordinarios de comunidade e pola subministración e consumos dos servizos con que conte a vivenda.
- Empadroarse na vivenda durante toda a duración do préstamo de uso.
- Comunicar ao Concello de Vigo as variacións que se produzan tanto da súa situación económica/membros da ud. convivencial. Etc...

### Terán a condición de **COLECTIVOS PRIORITARIOS** no procedemento :

- Familias con fillos menores ao seu cargo.
- Familias con todos os membro en situación de desemprego
- Vítimas de violencia de xénero.

1 IPREM: Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples 2013 (7.455,14 €)

#### MÁIS INFORMACIÓN:



Concello de Vigo  
Xerencia Municipal de Urbanismo  
Oficina Municipal de Vivenda e Solo

OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E PMS  
Edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo  
Praza do Rei, s/n 36202 Vigo  
Atención ao público:Luns de 9:00 a 13:30



### **DOCUMENTACIÓN a PRESENTAR:**

- Fotocopia do **DNI** de todos os membros da ud familiar\convivencial, ou **libro de familia** no caso de ser menores de 14 anos
- **Certificado** da resolución de recoñecemento da condición de persoa con **movilidade reducida** de carácter permanente dalgún ou varios dos membros da ud. convivencial.
- Declaración xurada da **relación de membros** que compoñen a ud. Convivencial.
- Copia do **contrato de arrendamento** ou da **escritura de compravenda** da vivenda habitual, segundo o caso.
- **Certificación catastral** de ámbito nacional dos inmobles a nome da ud. convivencial. (non se terá en conta a vivenda embargada pola execución hipotecaria)
- Para acreditación dos **ingresos** de cada membro da ud. convivencial:
  - Fotocopia da **declaración do IRPF** de tódolos membros da unidade convivencial do último período impositivo co prazo de presentación vencido, no caso de estar obrigados a declarar consonte a normativa reguladora do imposto.
  - En caso de non estar obrigado a declarar por IRPF, **certificación de Facenda** dos ingresos do último período fiscal vencido, e **certificación do pagador** no caso de ingresos non sometidos a retención fiscal de IRPF.
  - De ser o caso, **certificado acreditativo da causa da redución significativa dos ingresos e certificado de ingresos mensuais correspondentes á nova situación**, expedidos pola entidade pública ou privada pagadora
- Para acreditación da condición de **colectivos prioritarios** no procedemento:
  - De ser o caso, certificados da situación de **desemprego** dos membros da ud. convivencial, con expresión do tempo de permanencia continuada dende a última inscrición.
  - De ser o caso, **resolución** vixente xudicial ou administrativa (certificado dos servizos públicos, informe dos servizos públicos de atención a vítimas de violencia, ou informe de fiscalía) que recoñeza que algunha muller dentro da ud. convivencial ten a condición de **vítima de violencia de xénero**
  - De ser o caso, acreditación da **discapacidade** dalgún ou varios dos membros da ud. convivencial, distinta da derivada da mobilidade reducida. (Certificación en vigor de discapacidade igual ou superior ao 33%).

### **LEMBRE QUE:**

- Os interesados deberán presentar as solicitudes dentro de prazo: no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, no Rexistro Xeral do Concello, nos lugares que no seu caso se habiliten ó efecto e, en todo caso, nos rexistros ós que fai referencia o artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

DOCUMENTO VALIDO ÚNICAMENTE A EFECTOS INFORMATIVOS

---

#### MÁIS INFORMACIÓN:

[www.vigo.org/vivenda](http://www.vigo.org/vivenda)

CONCELLO DE VIGO  
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
Praza do Rei S/N – VIGO

OFICINA MUNICIPAL DE VIVENDA E PMS  
Tlf. 986.810.350